

## **LITERATURA UNIVERSAL**

### **PROGRAMA**

- 1.1 Literatura antiga: breve panorama das literaturas chinesa, da India, hebrea, grega e latina; o heroe clásico da épica (Homero, *A Ilíada* e *A Odisea*; Virxilio, *A Eneida*) e a traxedia (e Esquilo, Eurípides, Sófocles); a lírica grega; o papel dos personaxes femininos e masculinos, Ovidio. *As Heroidas*; a lírica latina (Horacio, Ovidio, Catulo....)
- 1.2 Da Idade Media ó Renacemento. A literatura árabe (*O Corán*, *As mil e unha noites*). A épica (*O cantar dos Nibelungos*; a *Chanson de Roland*). O ciclo artúrico. A lírica provenzal ou trovadoresca; a lírica en Italia («O dolce stil nuovo»). *A Divina Comedia*. A narrativa medieval (*Roman de renart. Rroman de la rose*, Chaucer, Boccaccio, Rabelais),
- 1.3 O Renacemento á Idade Moderna: os cambios no mundo e a nova visión humanista (Thomas More, Giordano Bruno, Erasmo, Maquiavelo); o soneto (Dante, Petrarca, Shakespeare); as epopeas renacentistas (Ariosto, Camoêns); Montaigne; o teatro clásico europeo (Corneille, Racine, Moliére); o teatro isabelino (Shakespeare, Marlowe).
- 1.4 A Ilustración e o romanticismo: a prosa ilustrada (Voltaire, Diderot, Montesquieu, Madame de Staël, Chateaubriand); a novela inglesa e a europea (Daniel Defoe, Jonathan Swift, Laurence Sterne; Voltaire; Puskin, Manzoni); a conciencia histórica e o novo sentido da ciencia do Romanticismo (Rousseau, Goethe); os románticos (Goethe, Schiller, Heine, Lamartine, Vigny, Musset, Victor Hugo, Leopardi, Pushkin, A. de Quental, Byron, Shelley, Keats, Tennyson, Browning, Barret Browning; a novela histórica (W. Scott).
- 2.1 O século XIX: as innovacións filosóficas, científicas e técnicas e a súa influencia na creación literaria (Kant, Schopenhauer, Carlyle, Nietzsche, Huysmans); Marx, Darwin e Freud; a narrativa romántica e o realismo en Europa (Stendhal, Balzac, Zola, Flaubert, Dickens, Thackeray, as irmás Brontë, George Eliot, Gógol, Turguéniev, Tolstoi, Dostoievski; Eça de Queiroz); os personaxes femininos (Madame Bovary, Anna Karenina); o nacemento da literatura norteamericana (Whitman, Longfellow, Dickinson, Hawthorne, Melville, Twain); o renacemento do conto (Poe, Chéjov, Maupassant); o simbolismo (Baudelaire, Verlaine, Rimbaud, Mallarmé); o novo teatro (Ibsen, Strindberg, Shaw).
- 2.2 O modernismo: os cambios políticos e culturais de principios do século XX. As innovacións filosóficas, científicas e técnicas e a súa influencia na creación literaria; o existencialismo e o marxismo (Heidegger, Russell, Sartre); unha nova forma de escribi-la novela (Conrad, Henry James, Proust, Joyce, Lawrence, Mann, Kafka, Svevo, Gorki, Nabokov, Pasternak, Camus, Kundera); novela poscolonial (Naipaul, Rushdie, Morrison, Godimer); a trama policial (Chesterton, Simenon, Hammett, Christie); as vanguardas europeas; poesía (D'Annunzio, Valéry, Claudel, Pound, Yeats, Eliot, Heaney, Rilke, Ungaretti, Pessoa); a xeración perdida na literatura norteamericana (Fitzgerald, Hemingway, Faulkner); literatura escrita por mulleres (Woolf, Mansfield); o teatro do absurdo e o teatro de compromiso (Ionesco, Beckett, Brecht); a literatura e as outras artes: adaptaciós de grandes obras ó cine (*The Third Man*, *Apocalypse Now*, *Ran*, *Richard III*, *Henry V*); o cine como literatura (Griffith, Ford, Wells, Eisenstein, Kurosawa, Lang, Fellini, Visconti, Renoir, Chabrol, Truffaut); a canción moderna (Jacques Brel, Juliette Greco, Leonard Cohen, Bob Dylan).

### **OBXECTIVOS**

1. Coñecer obras, autores e movementos literarios representativos da literatura universal (exceptuados os da galega e os da castelá e hispanoamericana), pola lectura tanto de obras completas coma de fragmentos significativos.

*Tendo en conta que a literatura galega e a española e hispanoamericana son obxecto de estudo nas respectivas materias do bacharelato, exlíuese aquí o seu estudio. Con todo, si que debe atenderse á súa relación coas literaturas europeas; por exemplo, ó trata-la narrativa europea da Idade Moderna debe terse presente a heranza da picaresca e de Cervantes; e, á inversa, non se pode esquecer a relación da lírica trovadoresca europea coa galego-portuguesa nin a influencia do simbolismo francés no modernismo español e hispanoamericano,*

2. Compara-los elementos comúns da literatura universal.

3. Afondar na técnica do comentario de texto.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1) Comentar textos literarios breves.
- 2) Relaciona-los textos que se estudan e atopar neles os temas recorrentes, arquetipos e as constantes míticas que neles subxacen.
- 3) Definir, caracterizar algúns momentos importantes na evolución da literatura universal e indica-la súa conexión coas ideas estéticas, políticas e relixiosas dominantes e as transformacións culturais no seu contexto.
- 4) Valora-las obras literarias como expresión que son das ideas e sentimientos individuais e colectivos e como instrumentos de coñecemento.
- 5) Lectura e análise destas cinco obras.
  - Dez “novelas” do *Decamerón* ou dez dos *Contos de Canterbury*.
  - Unha obra de Shakespeare –*Romeo e Xulieta* ou *Hamlet*– ou de Moliére (*Tartufo* ou *O avaro*).
  - Unha obra calquera da época da Ilustración ou do Romanticismo (por exemplo: *Robinson Crusoe*, de Defoe)
  - Unha novela, unha obra teatral ou un libro de poemas do século XIX (coma tal: *Vermello e negro* de Stendhal).
  - Unha obra do século XX (coma tal, *A peste*, de Camus, ou *Enderezo descoñecido*, de Kressman Taylor)

## ESTRUCTURA DO EXAME

-Proba escrita de carácter teórico-práctico.

**O exame constará de tres preguntas e un exercicio:**

**1ª Unha pregunta de tipo xeral sobre os contidos da literatura da Idade Antiga (3 puntos).**

**2ª Unha pregunta sobre unha das obras que lese o alumno das pertencentes ó bloque 1 (*Desde a antigüidade ata o Romanticismo*) (3 puntos).**

**3ª Unha pregunta sobre unha das obras que lese o alumno das pertencentes ó bloque 2 (*Desde a segunda metade do século XIX ata a actualidade*). (3 puntos).**

As preguntas 2 e 3 referiranse a calquera destes aspectos ou a todos eles.

1. Datos significativos do autor ou autora:

- Biografía esquematizada.
- Características e evolución da súa obra literaria.
- Títulos más importantes.

2. Características do movemento literario en que o autor ou autora se inclúe. Relación coa obra lida.

3. Análise da obra:

- Temas (non resumo).
- Personaxes principais.
- Punto de vista, espazo e tempo.
- Estilo (incluir, cando se lembren, exemplos do texto).

4. Opinión persoal razoada.

**4ª Ademais, o alumnos deberá facer un exercicio deste tipo: (1 punto)**

Escribe dez textos breves en que vayas casando todos estes datos:

Autor	Nacionalidade	Obra	Xénero, tema, personaxes
Defoe	Alemaña	<i>En busca do tempo perdido</i>	Drama poético-filosófico
Corneille	Italia	<i>Gargatúa e Pantagruel</i>	Relatos duns mozos florentinos
Swift	Francia	<i>Metamorfoses</i>	Novela dun naufrago
Goethe	Francia	<i>Decamerón</i>	Poema épico histórico
Ovidio	Francia	<i>Le Cid</i>	Evocacións da memoria involuntaria
	Portugal		Viaxes a países fantásticos
Boccaccio	Francia	<i>Robinson Crusoe</i>	Historia dunha familia de xigantes
Proust	Inglaterra	<i>Fausto</i>	
Rabelais	Inglaterra	<i>Os Lusiadas</i>	Transformacións de personaxes mitolóxicos
Camoêns	Roma	<i>As viaxes de Gulliver</i>	Traxedia de tema español

Exemplo: O escritor portugués Luis de Camoêns escribiu o poema épico-histórico *Os Lusíadas*.

#### **ALGÚNS AUTORES E TÍTULOS (ESCOLMA ORIENTATIVA E NON EXHAUSTIVA)**

##### **SÉCULO XIX**

- Romanticismo, realismo e naturalismo:
  - . Chateaubriand: *Atala, René*.

- . Manzoni: *Os noivos*
- . Stendhal: *Vermello e negro*.
- . Flaubert: *Madame Bovary*.
- . Dostoevski: *Crime e castigo*.
- . Tolstoi: *Ana Karenina*.
- . Dickens: *Os papeis póstumos do Club Pickwick* ou calquera outra novela do autor.

-Simbolismo:

- . Baudelaire: *As flores do mal*. (Hai unha estupenda tradución o galego de G. Navaza; ed. Galaxia)
- . Rimbaud: *Iluminacións, Unha temporada no inferno*.

-Outros autores de fins do s. XIX:

- . Whitman: *Follas de herba*.
- . Wilde: *O retrato de Dorian Gray*.

- . Novelas de aventuras: Kipling, Stevenson, Conrad, London, H. James...
- . Fournier: *O gran Meaulnes*
- . Kavafis: *Poesías*
- . Virginia Wolf: *Ó faro*.

## Século XX.

-Teatro vanguardista e do absurdo:

- . Jarry: *Ubu rei*.
- . Pirandello: *Seis personajes en busca de autor*.
- . Beckett: *Esperando a Godot*.
- . Ionesco: *A cantante calva. A lección*.

-Literatura relixiosa e existencial:

- . Chesterton: *Historias do padre Brown, O home que foi xoves*.
- . Mauriac, Bernanos, Gide...
- . G. Greene: *O poder e a gloria, O terceiro home*.

- . Huxley: *Un mundo feliz*.
- . Saint-Exupéry: *Voo nocturno*.
- . Sarte: *A náusea*.
- . Camus: *O estranxeiro, A peste*.
- . Kressman Taylor: *Enderezo descoñecido*.
- . Truman Capote: *A sangue frío*

-Outros: Salinger, Italo Calvino, H. Hesse, Hemingway, Scott Fitzgerald, Nabokov, Gorki, H. Böll, G. Grass, Marguerite Yourcenar, Marguerite Duras, Erica Jong, Doris Lessing, Cesare Pavese, Boris Pasternak, A. Tabucchi, M. Kundera, Amin Maalouf, Ray Bradbury, Fátima Mernissi...

## BIBLIOGRAFÍA

► Abilleira Sanmartín, X. e E. Gestido de la Torre, *Literatura universal, Bacharelato 2*, Xerais, Vigo 2009. **En galego**.

► Arévalo, B e outros, *Literatura Universal. Bachillerato*, Casals, Barcelona 2009. (Inclúe un cd).

- Gutiérrez, S., J. Serrano e J. Hernández, *Literatura universal. Bachillerato*, Anaya, 2008. Leva unha Guía de lecturas guiadas.
  - Calero Heras, J., *Literatura española e universal. Bachillerato*, Octaedro, Barcelona 1999.
  - Lázaro, F. e V. Tusón, *Literatura española. Bachillerato 3*, Anaya; Madrid 1990. Interesan o capítulo 6. “El teatro europeo (siglos XVI e XVII). Shakespeare. Molière (Contén un estudo e unha guía de lectura de *Hamlet* e de *Tartufo*; páxs. 135 a 171) Interesa o capítulo 11.3: Dostoyevski: *Crime e castigo*.(páx. 334 a 340).
  - Martín de Riquer: *Historia da Literatura Universal*, editorial Planeta.
- Na páxina web de BiVir (<http://www.bivir.com>) atópase unha selección de obras de literatura universal traducidas ó galego.  
Por exemplo, inclúe “Contos” de A. Chéckhov, “Acuso” de E. Zola, "Eugénie Grandet" de Balzac, "Bóla de sebo" de Maupassant, e mailos relatos "O bocoi de amontillado" e “O enterro prematuro” de Edgar Allan Poe:

**Exemplo de exame**

- A literatura grega: características, xéneros, autores e obras principais. [3 puntos]
- O *Decamerón*; marco narrativo, temas, medievalismo e renacentismo, estilo. [3 puntos].
- Pregunta sobre a obra que lese o alumno (coma tal: «O personaxe feminino en *Ana Karenina*») [3 puntos].
- Exercicio con datos para “casar” [1 punto].